

Música Galega



Cristian Leggiere & Paty Lesta quixeron render homenaxe e facer divulgación da nosa lingua a través da música do noso país en clave de Jazz.

Alalás, cancións de labor ou un poema musicado de Carvalho Calero entre outros, atópanse dentro do seu repertorio.

Clásicos da música tradicional galega, cuns arranxos musicais máis modernos levándoos ó estilo da música jazz, como por exemplo os poemas **"Negra Sombra"** de Rosalía de Castro ou musicando un poema de Carvalho Calero, **"Beleza de Mulher"**.

Entre o seu repertorio atopamos ademáis o **Alalás das Mariñas** o canto de labor **Rapaza se vas**

a arare, ou os cantos tradicionais como **Bailador e Os Teus Ollos** entre outros.

A través da música e da palabra introducindo cada canción coa súa historia e explicación de por qué se facían ou qué explicación teñen como nos cantos de labor ou os alalás entre outros, a información necesaria para entender a importancia da nosa lingua como elemento dinamizador dunha cultura integrada no ámbito musical.

[VIDEOS](#)[+ INFO](#)

ARTISTAS



Cristian Leggiero Director musical, arreglista e piano

Licenciado en Piano Clásico, Improvisación e Arranxo para Jazz Big Band en Italia. Colaborou con artistas nacionais internacionais da talla de Bertín Osborne, Juan Valderrama, Deborah J. Carter, Eva Sholten...

Colaborou en varias obras de teatro dirixindo a sección musical xunto a Javier Veiga, Marta Hazas, José Touriñan, Ramón Rodríguez, Quino Falero, entre outros.

Dirixiu musicalmente o programa de TVG "Malo Será" e actualmente colabora como director musical no programa de TV Canaria "Noutra clave" e dirixe e é arreglista da "Gallaecia Big Band, A Big Band de Galicia", entre outros proxectos musicais.



Paty Lesta Cantante

Cantante desde hai máis de 25 anos. Formada en Canto Lírico, Jazz e Música Moderna. Foi integrante de numerosas bandas e coros, e actualmente é cantante de varias formacións nas que abarca diferentes estilos musicais desde o Swing, Dixieland ao Sout pasando pola música tradicional galega.

É cantante de "Gallaecia Big Band, a Big Band de Galicia" e ademais é actriz en varios proxectos como a obra de teatro Cabaré Climático na que ademais de actriz, é cantante.

Foi compositora, xunto a Cristian Leggiero da banda sonora da obra teatral Pinocchio que virou no ano 2021 na que tamén participou como actriz e cantante.

REPERTORIO

**ALALÁ DAS MARIÑAS (VERSIÓN
CRISTIAN LEGGIERO & PATY LESTA)
NEGRA SOMBRA
RAPAZA SE VAS ARARE
CAMARIÑAS
BAILADOR**

**OS TEUS OLLOS
QUEN PUIDERA NAMORALA
RIANXEIRA
ADIOS RÍOS, ADIOS FONTES
LELA
HIMNO GALEGO**

